

**COMUNICADO Nº 218/23
8 DE SETEMBRO DE 2023**

**A FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO ORGANIZA UN CURSO DE
COMISARIOS DEPORTIVOS E DIRECTORES DE CARREIRA**

A Federación Galega de Automobilismo, como parte da seu proxecto de formación e profesionalización do deporte na autonomía, organizará o día 30 de setembro en Ourense un curso de comisarios deportivos e directores de carreira con certificación nacional.

Conscientes da necesidade de formar e mellorar a preparación dos oficiais das probas nas distintas modalidades galegas, este curso dunha xornada e un prezo de 50 euros permitirá adquirir coñecementos imprescindibles en calquera carreira, xa sexa do autonómico ou nacional. A inscrición inclúe a comida e o material didáctico para seguir as diferentes ponencias.

O curso será impartido por Vicente Cabanes (Expresidente do Colexio de Deportivos do Supercampionato de España de Rallyes); Miguel Hidalgo (Oficial permanente, comisario deportivo e director de carreira nacional); Alejandro Fraga (Oficial permanente e director de carreira nacional) e Rubén Carballo (Oficial permanente e Presidente do Colexio de Deportivos da Copa de España de Rallyes de Terra).

O curso terá lugar no salón de actos do Edificio Sindical de Ourense, situado no Parque de San Lázaro e comezará as 09:00 horas coa recollida de acreditacións.

Para inscribirse neste curso será preciso encher o formulario e facer o pago na conta (<https://forms.gle/YRTpMJxnHFW172tS6>) co concepto curso deportivos antes do día 27 de setembro as 23:59 horas na páxina web da Federación Galega de Automobilismo e neste comunicado. Non é preciso ter licencia en vigor para inscribirse neste curso.